




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Noia. Parroquias: San Pedro de Boa, a maior parte, e Santa Mariña do Obre nunha franxa ao nordeste, e Santa María de Argalo na esquina sueste. Extensión: 1,42 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta costa areosa baixa está sucedida, cara ao interior, por unha considerable chaira costeira de perfil suave, situada ao pé das ladeiras noroccidentais do Alto de San Lois, que alcanzan desniveis de entre o 20 e o 40%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade na que aparecen bandas irregulares de materiais con orientación xeral NNO a SSE Domina unha granodiorita precoz con megacristais de Idade herciniana, sobre a que afloran granitos hercinianos de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza, principalmente nas partes altas que pechan a unidade polo sueste, dúas das bandas alcanzan a liña de costa á altura de Suscortiñas e Garameleiros. Neste último lugar tamén aparece un enclave de materiais metamórficos do Complexo de Noia, de Idade precámbrico-cámbrica. Existen varios lentellóns de ortogneis biotítico blastomilonítico distribuídos pola unidade, e un pequeno dique de cuarzo ao sudoeste de Taramancos. A cobertura sedimentaria do Cuaternario conta con depósitos praia e duna da Punta do Testal e algúns pleistocénicos desa mesma zona.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 14°C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida no extremo sur da unidade, no Alto de San Lois, onde se chegan a rexistrar ata 1600 mm de precipitación media anual.

OS SOLOS

Leptosoles líticos e regosoles na parte alta da unidade, ao redor do Monte de San Lois, onde as pendentes acusadas e os procesos erosivos condicionan a evolución dos solos. No resto da vertente dominan os cambisoles dístricos máis profundos e fértiles a medida que diminúen os desniveis.


AS AUGAS

A situación da unidade, na ladeira setentrional da liña divisoria de augas do Alto de San Lois, que verte principalmente cara ás cuncas do leste e do oeste, limita os cursos fluviais desta área. Trátase só de pequenos arrosios que forman pequenas valgadas no seu camiño ás Augas de Transición 20474.

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa protexida polo LIC Esteiro do Tambre. Fronte continua arenoso onde adquiren importancia os hábitats 1110 e 1140, bancos arenosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, e o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Pequenas marismas (grupo 13 de hábitats) tras os brazos da estraña e pequena dobre frecha do Testal. No que se refire ao arboleda autóctono, o que toma relevancia na unidade é o conxunto de pequenas formacións orixinadas por unha recolonización tras o abandono de campos de cultivo. Toman importancia paisaxística en todo o saínte do Testal, campos de cultivo de Taramancos, e menos xa na zona de Agrisantas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na primeira liña de costa resaltar a importancia dos seus bancos marisqueiros de ameixa e berberecho aproveitando a súa fronte continua areosa e as formacións lamacentas intermareais. Destaca a praia de Testal con pequenas embarcacións de pesca amarradas a un peirao e a lonxa sobre o porto de Testal. Contiguo ao porto a creación dunha área recreativa cunha pista deportiva. Sobre a chaira costeira aséntase a trama de parcelas agrícolas, e a continuación desenvólvese o núcleo tradicional de Taramancos, situado nas marxes da estrada AC-550 que fai de límite físico entre a chaira e a ladeira montañosa. Nese límite o uso agrícola vai deixando paso ao bosque de repoboación de eucaliptos e piñeiros ata ocupar toda a superficie montañosa a medida que ascendemos polas súas ladeiras.

MORFOLOXÍA

O núcleo tradicional de Taramancos está formado por unha agrupación de vivendas arredor da estrada AC-550 que o atravesa transversalmente. Existen tamén algunhas vivendas illadas procedentes de asentamentos espontáneos pero que responden á mesma morfotipoloxía tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 transcorre polo litoral enlazando as distintas poboacións da comarca. Outras vías e camiños transcorren polo bordo litoral para dar acceso ás praias e ao porto de Testal. Existe tamén unha rede de camiños no monte de San Lois.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio cultural a presenza de dous cruceiros no núcleo de Taramancos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade é un exemplo perfecto da organización e carácter típicos na comarca de Muros e Noia. Na praia de Testal existe un porto que relaciona a unidade coa actividade marítimo pesqueira, predominante na comarca, as praias ademais actúan de reclamo para o turismo. Nun segundo plano e asentado sobre unha chaira costeira o parcelario atomizado relacionado co único núcleo tradicional existente. Este mantense comunicado, grazas á estrada que atravesa todo o litoral, co resto das poboacións costeiras da comarca. Destacar por último o marcado contraste entre a chaira costeira e a elevación montañosa ao fondo.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade de pequeno tamaño destaca pola súa sinxeleza e a disposición ordenada dos seus elementos na paisaxe. Cada elemento que a compón outorga singularidade á paisaxe e en conxunto dótana de gran beleza, converténdoa nunha paraxe realmente pintoresca. O fondo areoso do litoral costeiro ofrece a posibilidade do aproveitamento marisqueiro, razón pola que se construíu un pequeno porto e unha lonxa, así como as praias convértense no atractivo turístico e a composición culmina co núcleo tradicional de Taramancos e os cultivos agrícolas sobre unha chaira ao pé da montaña densamente poboada de arboredo. Dende o Cumio de San Lois ofrécese unha boa panorámica de toda a ría e do Esteiro de Tambre. Estableceuse un punto de observación no porto de Testal. Posúe ademais un alto valor ecolóxico por estar incluída a liña costeira dentro do LIC Esteiro do Tambre e tamén na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. Adquire importancia o seu hábitat composto por unha fronte continua areosa e as formacións lamacentas intermareais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía










Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa*
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve*
- Toponimia de costa / Toponimia de costa*
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29

